

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA**

ANUNCIO de corrección de erros nas bases da convocatoria do proceso selectivo.

Faise constar que, unha vez publicado o anuncio no DOG núm. 90, do 18 de maio de 2026, detectouse un erro material nas bases da convocatoria do posto seguinte:

Un/unha técnico/a superior de investigación en tecnoloxías de computación cuántica. Referencia QATALYZE-26-TSINV1. NRP 6090084.

Nas bases publicadas na web <https://www.cesga.es/gl/transparencia-2/emprego/>, no cadro do anexo II, na epígrafe de requisitos dos/das aspirantes, na páxina 10, no punto outros, onde di: «Ter unha publicación en revista científica con revisión por pares na área de computación cuántica ou computación de altas prestacións», debe eliminarse este texto e quedar baleiro o cadro nese punto.

Considerando que se trata dun erro material, ábrese de novo o prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, para que as persoas interesadas poidan presentar a súa candidatura.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2026

José Ignacio López Cabido
Xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

CVE-DOG: fcolu6s3-ina9-4gv2-ep64-45p6vgorx367

